

documental *Paisaje del Retroprogreso* xunto a José Luis Tirado, así como a súa participación activa permanente no colectivo audiovisual ZEMOS98.

George Dousis (Grecia, 1975). É titulado en harmonía, contrapunto, fuga e composición e ten o diploma de piano coa primeira medalla polos conservatorios de Grecia en Atenas. Recibiu os títulos de MA en artes (composición) coa distinción da Universidade de Bristol e realizou o doutoramento en composición (Universidade Aristóteles de Tesalónica). As súas obras son frecuentemente interpretadas tanto en Grecia coma no estranxeiro, e recibiron distincións coma a do Festival de Música de Cámara Grega (2005) por "String quartet nº 2" ou a do concurso D. Dragatakis (2006) da Unión de Compositores gregos por "Xoroxronos sikhrones" (para clarinete, piano, luces e electrónica). Como compositor e director de orquestra, estivo colaborando cos músicos e as orquestras máis importantes de Grecia. É membro da sección ISCM-Greek e Asociación de compositores de música electroacústica helénica (HELMCA).

Victor Ibarra (México, 1978). Estudou a carreira de frauta na Escuela Nacional de Música da Universidad Nacional Autónoma de México con Rubén Islas, máis tarde composición con Hebert Vázquez e José Luis Castillo Rodríguez. Logo completou a súa primeira etapa académica con Edith Lejet en París e no Conservatorio de Xenebra con Michael Jarrell. Obtivo premios e recoñecementos polo seu traballo creativo entre os que sobresaen o Premio Zeitklang en Austria, o primeiro premio do concurso Alea III, o premio do INJUVE-CDMC e o primeiro premio do concurso Auditorio Nacional de Música en España. Recentemente concluíu a mestría en composición no Conservatorio Nacional Superior de Música e Danza de Lyon en Francia baixo a tutela de Robert Pascal, onde obtivo o primeiro premio por unanimidade e o premio da fundación Salabert.

Mauricio Pauly (Costa Rica, 1976). Estudou en Miami, Boston, A Haia e Mánchester. Actualmente é profesor de teoría da música, improvisación e baixo eléctrico no Royal Northern College of Music. Os próximos compromisos inclúen unha estrea en Inglaterra e a subsecuente xira europea do *ensemble* suízo *Eunoia*; a gravación do seu segundo cuarteto de cordas polo Cuarteto JACK en Nova York; e as estreas en Darmstadt dunha obra para violín para Karin Hellqvist e dun octeto para o Ensemble Dal Niente. Os próximos meses a súa música será interpretada en Chicago, Frankfurt, Berlín, Basel, Londres e Edimburgo.

Lula Romero. (Palma de Mallorca, 1976). Titulada superior en composición e profesional de piano polo Conservatorio Superior de Música Manuel Castillo de Sevilla e licenciada en historia da arte, Universidade de Sevilla. A súa formación complétase co título de master en Composición no Royal Conservatoire da Haia con Gilius van Bergheijk e Cornelis de Bondt. Outorgóuselle o Berlin-Rheinsberger Kompositionspreis 2011, o premio de composición do CDMC 2008 do Ministerio de Cultura español pola súa composición *in constant sorrow* e a Mención Honorífica do premio Fundación Autor - CDMC 2010 pola súa obra *Profil perdu*. En 2010 foi seleccionada como compositora para a Ligeti Academy (pertencente ao Asko-Schönberg Ensemble). Actualmente reside e traballa en Berlín.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolá *frautas* / Pablo Coello *saxofóns* / Thomas Piel *violoncello* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Diego Ventoso *percusións* / David Durán *piano*
Xacobe Meléndrez *fotoproxeccións*

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea. Martes, 29 novembro 2011

JEFF WALL: RETRATO SONORO VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Mauricio Pauly *Apartamento Polsen Apartamento Peterson* (2011)*
saxofón tenor, cello, piano

Fran MM Cabeza de Vaca *Mimic I: Gestus* (2011)*
frauta baixo

George Dousis *Storyteller* (2011)*
frauta, saxofón, cello, contrabaixo

Fran MM Cabeza de Vaca *Mimic II: Tableau Vivant* (2011)*
frauta baixo

Lula Romero *Present / Absent* (2011)*
saxofón, contrabaixo, percusión, piano

Fran MM Cabeza de Vaca *Mimic III: El instante cualquiera* (2011)*
frauta baixo

Victor Ibarra *Estudio sobre el gris y el verde* (2011)*
frauta, saxofón, cello, contrabaixo, piano

Con motivo da exposición **Jeff Wall. The Crooked Path**, (Jeff Wall. *O sendeiro sinuoso*) comisariada por Joël Benzakin e organizada polo *Centro de Belas Artes de Bruxelas (Bozar)* en colaboración co CGAC, **Vertixe Sonora Ensemble** invitou a cinco compositores de ámbito internacional a estableceren un diálogo arredor da obra e do pensamento do artista canadense. A resposta foi entusiasta, o que dá mostra do impacto do seu traballo no ámbito artístico das últimas décadas e da extraordinaria importancia desta exposición.

O programa que presentamos nesta ocasión, un capítulo máis na xa longa tradición de retroalimentación mutua entre as artes visuais e as musicais, é o resultado dese esforzo.

AS OBRAS

Apartamento Polsen **Apartamento Peterson**: o título da obra sitúa un fragmento do conto *Naquel país*. Neste país, de Yasunari Kawabata, na fotografía de Jeff Wall *A view from an apartment* (2004), como posible escenario. O fragmento di: *Takako, no entanto, foi incapaz de ler co mesmo desapego outra das historias de Naquel lugar. Neste país. A columna describía dous casos auténticos de troco de parellas.*

O primeiro sucedera en Suecia. Dúas parellas de esposos, os Polsen e os Peterson, vivían en apartamentos contiguos nun mesmo edificio en Egresund, unha aldea próxima a Estocolmo. O señor Polsen e o señor Peterson eran amigos desde había moito tempo. As dúas familias vivían como se formasen un só fogar. O día 29[...] os dous esposos intercambiaron mulleres. Ou, se se mira desde o punto de vista das esposas, as dúas mulleres intercambiaron maridos. As parellas divorciáronse e volveron casar ao mesmo tempo. A ningún dos catro lles preocupa o impacto da súa acción no resto do mundo. Ao parecer os catro lévanse mellor ca nunca."

As mulleres no apartamento de Wall ben poderían ser a señora Polsen e a señora Peterson. A aldea de Egresund (que é máis ben Egersund) está en realidade en Noruega e é un dos portos máis importantes do país. Ben podería ser ese que se ve na ventá da obra de Wall.

(Mauricio Pauly, outubro 2011)

MIMIC: Gestus / Tableau Vivant / El instante cualquiera : (...) *Pouco a pouco cheguei a sentir que o significado carece case por completo de importancia. Pola nosa educación artística dos últimos vinte ou trinta anos, a xente espera relacionarse coa arte entendéndoa, percibindo o que significa. Pero pode ser que eu volvese a un punto de vista máis antigo e simple, a saber, que non necesitamos entender a arte, só necesitamos experimentalala enteiramente. Despois viviremos coas consecuencias desa experiencia ou experiencias, e ese será o xeito en que nos afecte a arte. (...)*

Jeff Wall, revista *Reversible* nº 1 (maio 2011)

Storyteller: sempre é un reto compor unha peza dentro do marco de traballo doutro artista. Por unha banda tes que entender a obra sobre a que vas traballar e, por outra, deixar que esa información pase a través do teu filtro artístico persoal para poderes crear unha obra nova. Cando me pediron de compor unha peza para a exposición de Jeff Wall, procurei recompilar toda a información posible sobre este artista, así como visionar o maior número posible das súas exposicións pasadas e actuais. *The Storyteller*, homónimo dunha obra súa co mesmo título, ten que ver con toda esa viaxe de aprendizaxe a través das súas fotografías. O gran uso dos microtóns, a contracción e o estreitamento artificial do concepto de tempo e a complexa onda horizontal de voces, son algunhas das características fundamentais dunha peza que demanda unha alta perfección técnica e unha enorme sincronización por parte dos músicos.

(George Dousis, outubro 2011)

Present/Absent: o elaborado artificio da posta en escena na fotografía de Jeff Wall, e a súa consecuente eliminación de toda continxencia nela, así como a súa crítica ás friccións sociais do capitalismo tardío (*a sociedade contén ese baleiro e o seu oposto, e ambos os dous aparecen na obra de arte*, Jeff Wall) son características que incorporei neste retrato sonoro.

Present/Absent, polo tanto, articula uns poucos elementos sonoros dentro dunha estrutura na cal cada unidade se organiza de igual xeito que o seu continente. O resultado, unha textura continua, complexa e densa na que todos os elementos e as súas aparicións son necesarios, e na que os ditos elementos regresan sempre de xeito diferente nun xogo de círculos. Así, esta peza establece unha relación coa categoría do "real" na que *ten a intención de rodealo e facelo á vez presente e ausente* (Jacques Lacan).

(Lula Romero, outubro 2011)

Estudio sobre el gris y el verde: é unha peza que traballei sobre un dobre punto de partida; por unha banda o mundo conceptual de Jeff Wall e pola outra, un cadro de Antoni Tàpies. Adoptei algúns conceptos de forma do artista canadense así como tamén a estrutura traballada polo pintor intentando recrear os materiais presentes no seu cadro. A cor gris está representada pola idea do bloque sonoro e a superposición saturada de capas rítmicas, mentres que por outra banda a cor verde convida a un mundo de desprendemento individual representado polo saxofón cara á última sección da peza. O traballo acerca da luz ten unha incidencia sobre o plan rítmico, sobre todo na perspectiva dun obxecto musical situado nun espazo sonoro. É aí onde me sirvo do traballo feito por Jeff Wall nas súas composicións diagonais para elaborar, deste xeito, unha aproximación a un mesmo obxecto desde distintas perspectivas visuais.

(Victor Ibarra, outubro 2011)

O ENSEMBLE

Vertixe Sonora Ensemble (www.vertixesonora.net).

Colectivo flexible que integra a destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal, *Vertixe Sonora Ensemble* favorece un espazo aberto á reflexión, a discusión e o intercambio no campo da música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e profesionais do teatro e da danza cunha vontade común por desenvolver propostas musicais que teñan unha perspectiva artística global e que atopen na busca da excelencia artística e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser.

Xorde para favorecer a creación de producións musicais de actualidade, manter unha estrutura estable de encargos e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular dunha forma que resulte significativa a nivel internacional.

A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor nin á transgresión nin ao espírito de vangarda.

Desde a súa aparición, Vertixe Sonora Ensemble leva desenvolvendo un labor estable de encargos sendo o referente internacional dunha nova xeración de compositores. Recibiron encargos do *ensemble*: Jacobo Gaspar (Pontevedra, 1975), Ramón Souto (Vigo, 1976), Lula Romero (Palma de Mallorca, 1976), Germán Alonso (Madrid, 1984), Victor Ibarra (México, 1978), Yoshiaki Onishi (Xapón, 1981), Mauricio Pauly (Costa Rica, 1976), Diana Rotaru (Romanía 1980), Fusün Koksál (Turquía, 1976), George Dousis (Grecia, 1975), Fran MM Cabeza de Vaca (As Palmas, 1976)... ademais das estreas en España de obras de Georges Aperghis, Franck Bedrossian, Helmut Oehring, Pedro Rebelo e Fausto Romitelli.

OS COMPOSITORES

Fran M.M. Cabeza de Vaca (As Palmas, 1976). Estudou grao superior composición no Conservatorio Superior Rafael Orozco de Córdoba e no Conservatorio Superior de Música de Aragón con José María Sánchez-Verdú. Así mesmo formouse en composición electroacústica con Alberto Bernal na Aula de Músicas Experimentales de Madrid. Estreou música instrumental electroacústica en diversos festivais nacionais (Temporada CDMC-Auditorio 400 do MNCA Reina Sofía, ENSEMS Valencia, Festival de Música Española de Cádiz) e internacionais (Festival de Mérida en México, Festival de Orford en Canadá, Foro Internacional de Música Nueva de México DF). Participou como compositor e intérprete en diversos espectáculos escénicos, e colaborou con coreógrafos como Michelle Man ou Guillermo Weickert. Entre outros traballos audiovisuais (instalacións, longametraxes, *net-art*) cómpre destacar a vídeo-ópera